

Xiao Varela

Concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda

Nacín na Coruña hai 37 anos. Son arquitecto de formación, e dediqueime á arquitectura, o urbanismo e a intervención comunitaria dende a Cooperativa Hábitat Social, da que fun socio fundador e da que causei baixa hai uns meses por mor da miña incorporación ao Concello da Coruña. Dentro do meu ámbito profesinal, realicei moi diversos traballos, dende o urbanismo participativo en iniciativas como a Cidade dos Barrios até a construción natural, con obras de distinta entidade e uso, predominantemente vivendas unifamiliares; investigando, divulgando e promovendo o uso dos materiais naturais e a recuperación das técnicas tradicionais na construción moderna.